

Manuel Rivas: "Os personaxes conduciron a escrita d'*As voces baixas*"

Carme Vidal 30/dec/12

En poucas ocasións un libro nace con tan boa fortuna como acontece con *As voces baixas* (Xerais). A “obriga” de Manuel Rivas de levar á literatura a súa historia familiar está a ser recibida con entusiasmo por parte da crítica e tamén pola maré de lectoras e lectores que se deixan levar polas personaxes do libro. A súa capacidade de literaturizar a realidade xunto coa reivindicación das “voces baixas” que tamén fixo desde o xornalismo, danse agora a man nesta aposta persoal do autor en que afonda nunha das chaves da súa escrita, a procura das emocións. Rivas escribe *As voces baixas* como cando neno facía un recado por encargo do pai ou da nai e lévanos canda el na singular viaxe cara aos sentimentos e a memoria persoal de cada quen

Constrúe o seu novo libro a través de personaxes moi próximos, da súa propia familia. Por que decide, dalgunha maneira, contar a súa propia historia?

O libro nace dunha necesidade. Na vida hai cousas que sabes que tes que facer. Podes ter moitos cadernos e ideas, mais as que adoitan saír ben son as que che elixen. Este libro non xorde dunha análise, dun proxecto racional, senón dunha estraña obriga e cando iso acontece, normalmente sae ben. Nace nun lugar que non sabes onde está, dentro túa pero tamén nun alma externada, como dicían nalgúns culturas cando a xente para protexerse tiña dúas almas, unha interna e outra que pertencía á comunidade. Non me gusta o termo autobiografía. O que ten de biografía é de biografía dos outros ou, en todo caso, de biografía dun a través dos outros. O narrador é individual máis tamén plural, cheo de voces.

As voces baixas está a ser aclamado pola crítica. Contaba vostede con que o seu libro máis persoal fose recibido con tanto entusiasmo?

Para min o importante era escribir este libro e nunca me preocupou moito o que puidese pasar despois. Precisaba escribilo e coido que parte da boa reacción que está a provocar vén precisamente desa dimensión, de ser un libro do eu e do nós. Non me estraña, por iso. Cando un libro se publica é xa un emigrante que vai de man en man e este pousa na xente. Teño a sensación de que está a ter unha boa viaxe, mais cando o escribín descoñecía a sorte que podía ter. Despois dalgúns episodios de certo éxito literario, como *O lapis do carpinteiro* que tivo moito impacto, ou algúns relatos como “A lingua das bolboretas”, pasoume algo importante.

Cando escribín *Os libros arden mal* caín nunha especie de baleiro, nun inferno, e chegou un momento en que case deixo o libro porque o que estaba contando me producía sensación de horror. Esa historia dramática da cultura estaba a ser abondo para min, o desacougo era inmenso. Pensei que se deixaba de escribir non pasaría nada, contra esa idea transcendente do

que estás a facer. Como di Elías Canetti, cando escribes tes que ter sensación de que podes parar unha guerra, mais unha cousa é que teñas esa actitude de aposta fonda e outra que pares a guerra.

Reinicie. Tirei para adiante coa idea de que tiña que seguir escribindo, non tanto polo libro senón por min mesmo. Cheguei á conclusión, mesmo un pouco egoísta, de dicir: vou escribir mesmo que remate a miña carreira. Rematara a idea de carreira literaria, mais vou continuar aínda que sexa para min só, aínda que faga haikús ou escriba na area cun garabullo como os rapaces. Esa decisión e esa sensación cambioume. Veume moi ben para entender a miña relación co oficio de escribir. Deixei de ser un abandeirado. Levoume a un compromiso coa escrita, mais esquecín o efecto público do que fago.

Na súa traxectoria escoitou moitas “voces baixas”, mais estas son as súas, as que sentiu na súa vida tantas veces e ecoan con forza na memoria. Teño a sensación de que este libro é a casa que lle tería feito a seus pais se, como seu pai pensaba, vostede fose obreiro da construción.

Si, si. Totalmente certo. Meu pai quería que fose obreiro e niso mesmo había unha compoñente de esperanza, de continuidade. Nese aspecto tiñan dúas actitudes diferentes, porque miña nai nos impulsou a estudar. A miña irmá María e eu fomos os únicos que estudamos no Castro, no barrio. Os primeiros. O que, como entendía miña nai, podía parecer un paso adiante, para meu pai significaba que nos estabamos metendo nunha especie de trampa.

Non é que el non quixese que estudasemos, que fosemos ilustrados, non. Apreciaba moito a cultura, mais parecíalle que nos estabamos metendo nun camiño que non nos correspondía, e non no sentido de que non o merecesemos como clase. Desconfiaba dese mundo, pensaba que íamos entrar no espazo dos ricos e ese non era o noso. Cando escoito a canción de Lennon do heroe da clase obreira, lémbrome del porque tiña esa conciencia de clase que non viña de discursos, senón ligada ao traballo.

esmo o silencio do meu avó fixera que se rompese ese fío xeracional, falaban pouquísimo. Nese sentido, este libro é tamén unha descuberta, a memoria é unha descuberta. Atópolle explicación tamén a aquel silencio que viña dado polo medo, mais tamén era un acto de xenerosidade, de protección, de non querer transmitir perigos. Meu pai tamén nos quería protexer dun mundo en que nos podían esmagar. Por outra parte, non podes deixar de velo como unha certa traizón. Pode ser que eu tivese que estar coa pa, compartindo a chuvia e a intemperie. Precisaba tamén facer un recoñecemento dos oficios. Volver a ese punto é como darlle de novo a man a meu pai.

A presenza dos oficios é constante. Do inicio ao fin, o mundo do traballo é tamén protagonista da historia.

Cando escribes, non racionalizas, pasa como cando respiras. A escrita deste libro funcionou así. Na presentación de Barcelona, Jordi Gracia dixo que tiña a sensación de que o autor fixera o que lle petaba. Non foi consciente mais cando pensei no aparello respiratorio da literatura busquei as razóns de que saísen tanto os oficios, desde o zapateiro até a pescantina ou a leiteira. Dalgunha maneira, sen ser pensado, é unha resposta ao que está a pasar, a contestación a esa especie de subtracción que estamos vivindo. Deste engado no sentido de feitizo negativo que quere poñer fin ao mundo do traballo.

Queren acabar co concepto de traballo vinculado á idea de oficio, de sabedoría de solidariedade. O que eu vivín non era froito dunha conciencia política explícita, mais había un compañeirismo fortísimo, de botarse unha man, de valoración do traballo. Lembro a relación do meu pai cun

que era amigo ao cal, cando estaba na obra, chamaba mestre porque lle estaba transmitindo o oficio.

Iso mesmo relata dos seus inicios no xornalismo, cando entra en El Ideal Gallego e cando se atopa, entre outros, co seu mestre Gaciño. O xornalismo é tamén un oficio?

Na facultade íamos ser licenciados, formar parte das elites, con todo, na redacción entraba como meritorio, nunha relación que se parecía máis á do meu pai no traballo. Cando subo as escaleiras do Ideal non hai esgazamento, teño conciencia obreira. Era como se as palabras fosen tamén coas teclas, cunha condición material que luxaba as mans. Admiraba os linotipistas que eran os que sabían facer cousas e esa idea tiña moito a ver co que vivía no ambiente de meu pai.

Cando lin o seu libro, dous títulos da súa bibliografía se me impuxeron con especial forza. O xornalismo de *A corpo aberto* e a realidade que se torna literatura n'*O lapis do carpinteiro*. Conxuga As voces baixas esas dúas liñas de creación?

O proceso d'*O lapis do carpinteiro* é moi especial. Coñecía a historia que serve de xermolo, a Comesaña e logo a Chonchiña, mais pasaron anos até que a novela naceu. O que activa a escrita dese libro é xustamente a ferramenta, pensar no lapis que vai facer de narrador. Por que se establece esa conexión? Ese lapis pousou a historia nel e establece tamén a conexión entre xeracións de persoas. Ferramenta de oficio mais tamén de escrita.

O núcleo é o amor resistente, mais tamén están presentes os oficios como desafío desa gran convención, desa especie de esquizofrenia que allea os traballos da cultura e os oficios nunha clasificación clasista. Este libro está atravesado pola idea de que mesmo non se pode contar a nosa historia sen oír esas voces baixas. Traballar coas palabras non é diferente a facelo con outros materiais.

E como se emparentase co seu xornalismo? En *A corpo aberto*, recoñécese indie e reivindica as emocións, presentes en cada unha das páxinas do novo libro.

Escoitei voces baixas en reportaxes e historias e con cambiar de nomes podería ficcionar todo o que conto, mais decidín conservalos. Fronte a ese asunto aborrecente que divide ficción e realidade, a estas alturas sabemos que Hamelt é parte da realidade. Non podemos facer que a ficción substitúa a realidade, mais o mundo das lendas, dos sonhos... tamén forma parte da realidade. O concepto de realismo máxico no noso caso débese ao imperialismo da crítica.

Se o fai Kafka é realismo, en nós é exotismo. Incomódame esa visión paternalista. Desde o centro, a visión da literatura galega é a que responde a unha natureza indómita, nun mundo remoto. A literatura galega ten que cuestionar os centros. A razón de ser da literatura é o espírito da liberdade, o espazo en que conviven tamén o antagónico, Marte e Venus, o día e a noite. Cando din que na novela de Rivas os animais poden falar porque é galega eu dígolles, e non falan na túa terra? O que pasa é que non os entendes. Levan falando toda a vida.

O xornalismo de hoxe, en especial no aspecto laboral, ten pouco a ver con aquel en que un rapaz podía entrar nun xornal avalado polo feixe de poemas que levaba na man, non lle parece?

Ao xornalismo téntaselle subtraer a súa condición de intrahistoria, de contar a historia desde a rúa, a súa dimensión máis nobre. Parte da crise e do acoso é porque hai unha absoluta conciencia

da importancia da información. Despois de Vietnam, os poderes puxeron grande esforzo en aparcar o xornalismo dos escenarios auténticos das guerras que viñeron.

Cando hai unha operación militar, o que primeiro se pensa é en que vai pasar coa información, en como quitarse os xornalistas de enriba. Cando estiven en NovaYork hai pouco dinme conta de que algo raro estaba a pasar. Até que cheguei a unha boca do metro e atopei un posto con tres cabeceiras, non vira ningún xornal. Vivino como un pesadelo. Se hai un ben necesario hoxe en día é o xornalismo, e é o máis escaso e esta é unha situación irregular. Non hai ningún xornal que nacesse sendo grande, todos comezaron como pequenas células e co tempo foron medrando. Os que apareceron como negocios, non funcionaron. É mellor o peor xornal que non ter ningún.

Na presentación na Coruña, Xosé Luís Méndez Ferrín dixo que *As voces baixas* era un libro chamado a perdurar na nosa historia literaria. Ten a sensación de ter prolongado a memoria dos seus, de “os inmortalizar” dalgunha maneira?

Cada quen é quen é, mais tamén teñen a condición de seren eu e seren nós. Cada personaxe, como as mulleres que levan cousas enriba da cabeza, é portador. No caso deles, hai un rescate pola memoria, un prolongamento, mais tamén estou certo de que nalgún lugar en que non saiban que é a miña familia, poden abrir o libro e sentir esa mesma conmoción. Oxalá fose así.

Neste libro a min lévanme da man. Tiven esa sensación, de ser levado, e esa é tamén a que teñen en boa medida os lectores. Estou a facer un recado, como cando miña nai me dicía, “vai buscar a teu pai”, ou el pedíame “vai buscar a túa nai para que baixe”. Gustaríame facer outros libros cunha relación tan intensa cos personaxes, reproducindo a sensación de que son eles os que te levan, os que escriben.

A súa nai recomendáballe que buscase unha traballo en que non se mollase. Moito caso non lle fixo, non?

Ten a súa ironía. Escribas o que escribas móllaste, e tamén no que deixas de contar. Xa nos inicios decateime de que facer o horóscopo era moi comprometido. De todas maneiras, se hai un xornalismo partidista e panfletario está na prensa de dereitas, sen descansar de ser a voz do seu amo. Agora semella que só existe un pensamento, estamos diante da derrota do liberalismo.